

Mércores, 1 de Febreiro de 2006

Nova

Galiza participa nun proxecto europeo de educación on line para a creación dunha base de datos común



As novas tecnoloxías son se cadra mellor que lle puído pasar á educación a distancia (e-learning), xunto ó desenvolvemento de contidos de calidade, por suposto. Co fin de aproveitar ó máximo as posibilidades que ofrece a Sociedade da Información, que permite máis inmediatez entre o que ensina e o que aprende, reuníronse este martes 10 na Universidade de Santiago (USC), e máis no Centro de

Supercomputación de Galiza (CESGA), profesores de seis países europeos. Nas súas axendas destaca a posta en marcha dos traballos de investigación que, precisamente, porán en marcha o proxecto Efelcren.

Esta iniciativa vai orientada a desenvolver unha base de datos común a nivel europeo que terá como principal cometido achegar material didáctico flexible e creativo para servizos e comunidades de educación on line. O proxecto Efelcren, que vai dirixido sobre todo á Educación Primaria e Secundaria, non é só unha reunión de profesores. O equipo de traballo está integrado, ademais, por investigadores en didáctica e en novas tecnoloxías, técnicos TIC e estudantes europeos.

A variedade do grupo permitirá, entre outras cousas, facer efectivo no eido tecnolóxico todo o que se ten desenvolvido ó longo dos últimos anos no eido da educación presencial (a que coñecemos a meirande parte de nós), co valor engadido que achegan as novas plataformas virtuais. Segundo informa o CESGA, “a base de datos resultante proporcionará contidos interactivos ou videoclips, acordes a criterios comúns de calidade e dispoñibles en diferentes linguas”. E engade o centro galego: “Todo isto permitirá que calquera profesor, en calquera lugar de Europa, poida aplica-los mesmos métodos e axeitalos ás súas propias necesidades, redundando así na mellora do proceso educativo”.

O proxecto Efelcren inclúe un financiamento da Unión Europea por valor de 338.000 euros. Estenderase no tempo ata decembro de 2008 e será coordinado pola profesora Beatriz Cebreiro, do Departamento de Didáctica da USC. O CESGA participará, ademais, como socio.


Entrevista



Enrique Varela

director do I Salón Profesional da Imaxe e a Comunicación

Firma convidada



Rede Compostela Wireless

unha ponte sobre a fenda tecnolóxica



Grupo Código Cero Comunicación

UNINOVA- Recinto MercaGalicia
Polígono Industrial do Tambre - Vía La Cierva s/n
15890 Santiago de Compostela
Teléfono 981 51 96 00 Extensión 36 - 981 93 63 24
Telefax 981 55 77 07
webmaster@codigocero.com



Premio EGANET á Mellor Web de
Medios de Comunicación